



Guía Docente						
Datos Identificativos				2014/15		
Asignatura (*)	Química Analítica 1		Código	610G01011		
Titulación	Grao en Química					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6		
Idioma	CastelánGalegoInglés					
Prerrequisitos						
Departamento	Química Analítica					
Coordinación	Beceiro Gonzalez, Maria Elisa	Correo electrónico	elisa.beceiro.gonzalez@udc.es			
Profesorado	Beceiro Gonzalez, Maria Elisa Gonzalez Castro, Maria Jose	Correo electrónico	elisa.beceiro.gonzalez@udc.es m.j.gonzalez.castro@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Introduce ao alumno na Química Analítica aplicando os equilibrios químicos á análise cualitativa e cuantitativa, asentando as bases da disciplina para os vindeiros cursos académicos. Polo tanto desempeña un papel básico no conxunto do Grao.</p> <p>Introduce al alumno en la Química Analítica aplicando los equilibrios químicos al análisis cualitativo y cuantitativo, sentando las bases de la disciplina para los siguientes cursos académicos. Por lo que desempeña un papel básico en el conjunto del Grado.</p> <p>This subject introduces the student in the Analytical Chemistry applying the chemical equilibria to the qualitative and quantitative analysis, establishing the bases of the discipline for the following academic courses. Therefore it exerts a basic role in the full Degree.</p>					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A4	Coñecer os tipos principais de reacción química e as súas principais características asociadas.
A7	Coñecer e aplicar as técnicas analíticas.
A16	Adquirir, avaliar e utilizar os datos e información bibliográfica e técnica relacionada coa Química.
A17	Traballar no laboratorio Químico con seguridade (manexo de materiais e eliminación de residuos).
A19	Levar a cabo procedementos estándares e manexar a instrumentación científica.
A20	Interpretar os datos procedentes de observacións e medidas no laboratorio.
A21	Comprender os aspectos cualitativos e cuantitativos dos problemas químicos.
A23	Desenvolver unha actitude crítica de perfeccionamento na labor experimental.
A24	Explicar, de xeito comprensible, fenómenos e procesos relacionados coa Química.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Aplicar os fundamentos dos equilibrios químicos aos métodos clásicos de análise			A4 B1 C1 A7 B2 C6 A16 B4 A24



Aprender a tratar os datos e expresar os resultados analíticos	A7 A16 A20	B1 B2 B4	C1
Comprender os aspectos cualitativos e cuantitativos da análise	A4 A7 A20 A21 A24	B1 B2 B4	C1 C6
Adquirir a destreza básica no laboratorio de Química Analítica (operacións básicas da análise química clásica)	A7 A16 A17 A19 A20 A21 A23 A24	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Química Analítica	Definición e obxectivos Análise cualitativa e cuantitativa O proceso analítico Clasificación de métodos e técnicas
Tema 2: Métodos volumétricos de análise	Conceptos básicos, reacción volumétrica e tipos de volumetrías Patróns primarios, disolucións patrón e disolucións valoradas Punto de equivalencia e detección do punto final Curvas de valoración Erros dos métodos volumétricos
Tema 3: Volumetrías Ácido-Base	Teoría das volumetrías ácido-base. Curvas de valoración Indicadores para as valoracións ácido-base e a súa elección Valoracións de ácido forte/base forte e viceversa Valoración de ácido débil/base forte e viceversa Valoracións de ácidos ou bases polipróticos e as súas sales Valoracións de mesturas de ácidos ou bases Volumetrías ácido-base en disolventes non acuosos Aplicacións
Tema 4: Volumetrías Oxidación-Reducción	Curvas de valoración Indicadores redox e a súa elección Axentes oxidantes e reductores previos Valoracións con axentes oxidantes Valoracións con axentes reductores Determinación de compostos orgánicos e inorgánicos
Tema 5: Volumetrías de Precipitación	Reaccións de precipitación de interese na análise volumétrica Curvas de valoración Valoración de mesturas Detección do punto final: métodos de Mohr, Volhard e Fajans



Tema 6: Volumetrías de formación de complexos	Compostos de coordinación de interese na análise volumétrica Curvas de valoración e factores que as afectan Indicadores metalocrómicos Valoracións con ácidos poliaminocarboxílicos
Tema 7: Métodos gravimétricos de análise	Introducción á análise gravimétrica Etapas e clasificación dos métodos gravimétricos Proceso de formación dun precipitado e propiedades dos mesmos Gravimetrías por precipitación química. Tratamento dos precipitados Gravimetrías de volatilización e absorción Cálculos na análise gravimétrica
Tema 8: Avaliación dos datos analíticos	Definición de termos Tratamento estadístico de erros indeterminados Intervalos de confianza Rexeitamento de datos anómalos Auxiliares estadísticos de probas de hipótese Presentación dos datos analíticos
Tema 9: Análise cualitativa	Aplicación das reaccións químicas á análise cualitativa Características analíticas dunha reacción química (sensibilidade, selectividade e seguridade) Reactivos xerais e específicos Características analíticas e reactivos dos elementos metálicos Características analíticas e reactivos dos anións
Módulo: Prácticas laboratorio	Valoracións ácido-base Valoracións redox Valoracións complexométricas Valoracións de precipitación Determinación gravimétrica Análise cualitativa. Reaccións de identificación. Marcha analítica. Avaliación dos datos analíticos

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	24	36	60
Solución de problemas	8	20	28
Prácticas a través de TIC	2	0	2
Prácticas de laboratorio	18	18	36
Proba de resposta breve	0	0.5	0.5
Proba mixta	3	20	23
Atención personalizada	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	Nas clases maxistrais o profesor desenvolverá os contidos fundamentais do programa da materia. As sesión maxistrais serán nun grupo único e terán unha duración de 50 min. Para un total aproveitamento das mesmas, o alumno deberá de preparar previamente os aspectos fundamentais do tema a tratar, empregando tanto o material docente (esquema que reflicte os contidos de cada tema) como a bibliografía recomendada relacionada co tema, que se proporcionan ao alumno coa suficiente antelación a través da plataforma Moodle.
Solución de problemas	Clases en grupos moi reducidos concebidas coma un conxunto de actividades nas que o alumno debe participar de xeito directo. Estas clases están adicadas á resolución dos boletíns de problemas, que previamente terán sido proporcionados ao alumno a través da plataforma Moodle, e que deberán realizar de forma autónoma para a súa posta en común nestas clases. Ademáis, tamén se resolverán dúbidas sobre calquera aspecto relacionado coas sesións maxistrais.
Prácticas a través de TIC	Como actividade inicial antes de comezar as prácticas, programase 1 sesión de 2 horas de duración nun grupo único na que se exporá aos alumnos a metodoloxía docente que se vai empregar nas prácticas de laboratorio. Así mesmo proxectarase un video sobre a análise volumétrica e gravimétrica dende o punto de vista práctico
Prácticas de laboratorio	6 sesións de laboratorio de aprox. 3 horas de duración, nas que o alumno levará a cabo a aplicación dos conceptos teóricos estudiados na aula. Cada práctica leva vencellado un guión e un prelaboratorio que serán proporcionados ao alumno (a través de Moodle) con antelación ás sesións prácticas. A realización dos prelaboratorios antes de realizar as prácticas é obligatoria. Os guións terán cuestións que deberán ser respondidas e entregadas unha vez rematadas as prácticas. Durante as sesións de laboratorio, e de xeito simultáneo á realización dos experimentos, o alumno deberá elaborar un caderno de laboratorio, que recolla os cálculos, os procedementos experimentais e as montaxes necesarios. O profesor revisará o caderno de laboratorio de cada alumno en cada práctica
Proba de resposta breve	Realizaranse dúas probas nas que se avaliará a aprendizaxe do alumno, mediante preguntas de resposta breve, sobre dous dos temas da materia. Esta proba realizarase empregando a plataforma Moodle.
Proba mixta	Proba escrita que se realizará nas dúas convocatorias oficiais de xaneiro/xullo, na que se avaliará a aprendizaxe do alumno mediante preguntas de teoría, teoría aplicada e resolución de problemas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	As clases de solución de problemas e prácticas de laboratorio están concebidas coma actividades en grupos reducidos nas que o alumno participa directamente. Deste xeito realiza unha atención personalizada dos alumnos permitindo un mellor seguimento e orientación.
Solución de problemas	Ademáis, ao longo do cuadrimestre programarase unha titoría individual de aproximadamente media hora de duración. Nesta titoría o profesor resolverá as dúbidas que o alumno atope no estudio da materia e poderá analizar se o proceso de aprendizaxe do alumno é axeitado. Os alumnos poderán facer uso do horario de titorías para realizar calquera consulta ou dúbida acerca da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A calificación obtida nas prácticas de laboratorio suporá o 20% da calificación da materia. Valorarase a realización axeitada dos prelaboratorios, a destreza na realización do traballo experimental, a interpretación dos datos obtidos, así como a correcta realización dos cálculos, as respuestas ás cuestións das devanditas prácticas (que se deberán entregar) e a elaboración da libreta de laboratorio. Esta metodoloxía permitirá avaliar as seguintes competencias: A7, A16, A17, A19, A20, A21, A23, A24, B1, B2, B3, B4, B5, C1 y C6	20



Solución de problemas	O control da asistencia a estas actividades, así coma o traballo realizado antes e durante as mesmas, contribúe na calificación final da materia cun 10%. Esta metodoloxía permitirá avaliar as seguintes competencias: A7, A16, A20, B1, B2, B4, B5 y C1 Ademáis, a avaliación da aprendizaxe respecto á solución de problemas, tamén se levará a cabo na proba mixta.	10
Proba mixta	Proba escrita que constará de preguntas de teoría, teoría aplicada e resolución de problemas. Esta metodoloxía permitirá avaliar as seguintes competencias: A4, A7, A20, A21, A24, B1, B2, C1 y C6	65
Proba de resposta breve	Probas realizadas a través da plataforma Moodle sobre dous dos temas da materia mediante preguntas de resposta breve. Ámbolos dous temas non serán avaliados na proba mixta. Esta metodoloxía permitirá avaliar as seguintes competencias: A4, A7, A21 y B4	5

Observacións avaliación

Para superar a materia plantéanse dous requisitos básicos:

1.-Asistencia regular ás actividades avaliables, sendo as prácticas obligatorias.

2.-Aadar unha calificación mínima en cada unha das actividades avaliables. Tanto na proba mixta e de resposta breve coma nas prácticas e as clases de solución de problemas esta calificación mínima non poderá ser inferior a 4 (sobre 10).

En calquera caso, para aprobar a materia o sumatorio das notas das diferentes actividades non podrá ser inferior a 5 (sobre 10). O alumno obterá a calificación de Non Presentado cando houbese realizado menos do 25% das actividades académicas programadas, e non se presente ao exame final.

No contexto de "avaliación continuada" a "segunda oportunidade de xullo" enténdese coma unha segunda oportunidade de realización da proba mixta. Polo tanto, para as prácticas, solución de problemas e proba de respuesta breve manteranse as calificacións obtidas ao longo do curso, namentres que a calificación da proba mixta de xullo substituirá á obtida na proba mixta de xaneiro. Os alumnos avaliados na "segunda oportunidade" só poderán optar a matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se tivese cuberto na súa totalidade na "primeira oportunidade".

Polo que atinxo aos vindeiros cursos académicos, o proceso de ensino-aprendizaxe, incluído na avaliación, refírese a un curso académico e, polo tanto, volvería comezar cun novo curso, incluídas tódalas actividades e procedementos de avaliación que sexan programadas para o novo curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	- SKOOG D.A., WEST D.M., HOLLER F.J. y CROUCH S.R. (2005). Fundamentos de Química Analítica . Madrid, Ed. Paraninfo - SKOOG D. A., WEST D.M. y HOLLER F. J (1997). Fundamentos de Química Analítica . Barcelona, Ed. Reverté
Bibliografía complementaria	- HARRIS, DANIEL C (2007). Análisis Químico Cuantitativo . Barcelona, Ed. Reverté - GUTIERAS J. RUBIO R. y FONRODONA G. (2003). Curso Experimental en Química Analítica . Madrid, Ed. Síntesis - SILVA M. y BARBOSA J. (2002). Equilibrios iónicos y sus Aplicaciones Analíticas . Madrid, Ed. Síntesis - LÓPEZ CANCIO J.A. (2005). Problemas Resueltos de Química Analítica . Madrid, Ed. Paraninfo - YÁÑEZ-SEDEÑO P., PINGARRÓN J.M. y MANUEL DE VILLENA F.J. (2003). Problemas Resueltos de Química Analítica . Madrid, Ed. Síntesis - BURRIEL MARTI F., LUCENA CONDE F., ARRIBAS JIMENO S. y HERNÁNDEZ MÉNDEZ J. (2001). Química Analítica Cualitativa . Madrid, Ed. Paraninfo - HARVEY D. (2002). Química Analítica Moderna . Madrid, Ed. McGraw-Hill

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Analítica 2/610G01012

Química Analítica Instrumental 1/610G01013

Química Analítica Instrumental 2/610G01014

Química Analítica Avanzada e Quimiometría/610G01015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Química 1/610G01007

Química 2/610G01008

Química 3/610G01009

Química 4/610G01010

Observacións

Non se recomenda matricularse nesta materia sen ter aprobada a materia Química 3

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías